

SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 23 DE XANEIRO DE 2020

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, ECONOMÍA, FACENDA, RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Preguntas do PP

1ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Á vista da necesidade de reactivar o tecido económico do noso municipio, así como a importancia que supón para os pequenos e medianos empresarios contar cunha asociación que lles asesore e permita unha mellor defensa dos seus dereitos e intereses, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico se dende a súa concellería se teñen previsto medidas para favorecer e fomentar o asociacionismo empresarial e cales son as medidas previstas.

Contestará o concelleiro por escrito.

2ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Neste último Nadal os veciños da parroquia do Temple viron como se instalaba unha carpa de Nadal na pista polideportiva descuberta. De aí que, dende o Grupo Municipal Popular, se pregunte ao concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico sobre a intervención do noso concello na dita instalación, custo da intervención, criterios tidos en conta para a selección e distribución de postos e comerciantes, resultado dela e demais información de interese.

Contestará o concelleiro por escrito.

3ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Nas datas de Nadal dende a Concellería de Desenvolvemento Socioeconómico se celebrou un concurso de escaparatismo respecto do cal, o Grupo Municipal Popular, pregunta ao concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico sobre o seu resultado, a composición e intervención do xurado e o custo que supuxo para as arcas municipais.

Contestará o concelleiro por escrito.

Pregunta de EU-Son en Común

Única. Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Ante a presentación dunha solicitude dunha certificación á secretaria do concello, e unicamente dirixida a ela, con data de rexistro 4/1/2020, produciuse a circunstancia de que 12 días despois da dita presentación na xunta de voceiros ordinaria correspondente ao mes en curso, a secretaria non tiña coñecemento da dita petición, e si o tiña un concelleiro a quen non ía dirixida a dita petición nin en copia dela.

Con base nesta anómala e misteriosa situación, entendemos imprescindible o seu esclarecemento, e mostramos a nosa intención de comprender o percorrido dun escrito, que chega á mesa dun destinatario diferente do propio, e pola contra, a súa lexítima destinataria non ten coñecemento del.

Entendemos que o coñecemento posterior dalgún cargo político dos escritos, peticións, informes e certificacións que facemos a funcionarios en exclusiva é apropiado e xustificable, máis sempre dimos por feito que o seu destinatario ou destinatarios serían quen o remitirían onde poida chegar a corresponder. Esta suposición a baseamos en que, se o feito é ao contrario, e o destinatario é un político, será este o que, unha vez examinado o escrito, poderá facer coñecedores a aqueles funcionarios que deban intervir ou determinar sobre o fondo do asunto.

Dende EU Cambre Son en Común, preguntamos:

1. Cal é o procedemento de recepción, tramitación e remisión dos escritos que presentamos por rexistro os concelleiros da Corporación municipal?
2. Quen é o funcionario ou funcionaria que realiza a xestión, remisión e control das entradas e saídas no tempo e forma previsto das peticións dos concelleiros e concelleiras da Corporación?
3. É posible que un escrito dirixido á secretaria da Corporación como fedataria pública e sendo ela a única destinataria, pase antes por algún cargo político a quen non estea dirixido, perdendo por tanto o carácter de confidencialidade que lle presupoñemos?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que os documentos chegan ao Rexistro, e son os funcionarios os que os reparten entre os departamentos. É certo que poden chegar a varios sitios, pero é porque se rexistran a todos os departamentos implicados.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, engade que a el lle chegou porque a secretaria xeral estaba de vacacións. Como era necesario informe de Urbanismo remitíuselles copia, é por iso que o soubo.

Explica que el revisa toda a documentación dirixida ao seu departamento, e a partir de aí dálle traslado á administrativa da área para que o distribúa.

**COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ, EDUCACIÓN, MOBILIDADE,
MEDIO AMBIENTE E SANIDADE**

Rogos do PP

1º Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Este Grupo Municipal Popular veu solicitando desde o pasado mes de xuño que se adoptaran as medidas oportunas para que, á maior brevidade posible, se retiraran os entullos que estaban sendo acumulados na entrada da urbanización A Barcala, máis concretamente nas proximidades da gasolinera, nunha zona de descampado entre o hipermercado alí existente e o río. Tras varios meses sen retirar os entullos acumulados, o espazo no que se atopaba o “*depósito provisional de materiais de obra*” non se atopa precisamente nas

mellores condicións posibles, con restos de materiais de obra, valos, etc., tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se interesa que se adopten as medidas necesarias para adecuar o lugar no que se acumulaban os entullos, de forma que deixe de ser un vertedoiro.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, acepta o rogo.

Don Juan María Abalo Castex manifesta que fan entrega á secretaria xeral, para que conste en acta, do escrito rexistrado de entrada ao núm. 999/2040, o día 4 de decembro de 2019, que aínda non lles foi contestado.

2º Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Ademais dos problemas advertidos no vertedoiro da urbanización A Barcala referida no rogo anterior, na outra entrada á urbanización A Barcala, a existente na recta da estrada de Cambre ao Temple, advírtese igualmente acumulación de terra, materiais de obra, lixo e mobles vellos, que máis parece un vertedoiro incontrolado que a entrada principal dunha das partes máis densamente poboadas do noso municipio. Estado lamentable que se pode apreciar nas fotografías que se achegan.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite que se adopten as medidas oportunas para a retirada de diversos materiais no mencionado lugar da urbanización A Barcala, así como evitar que se sigan producindo no futuro.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, acepta o rogo, e sinala que non son incontrolados, son entullos das obras da comunidade de propietarios da Barcala. Van retiralos.

3º Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

Veciños de Amil refiren ao Grupo Municipal Popular que operarios do concello cortaron unha árbore en terreo de titularidade privada, máis concretamente á altura do número 43, sen permiso nin aviso ningún ao titular do terreo na que se encontraba. Árbore da que queda o toco, tal e como se pode apreciar na fotografía que se achega e cuxo tronco, unha vez partido, foi tirado noutro terreo do lugar, como tamén se aprecia na fotografía que se achega.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se requira do concelleiro competente que, tralas explicacións oportunas sobre o particular, tamén ao titular do terreo, se retire a madeira depositada no terreo lindeiro, así como que se repare, á maior brevidade posible, o dano causado.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, explica que se trataba dunha figueira que foi retirada por pedilo os veciños. Cortouse o día 8 de xaneiro, e o tronco deixouse no terreo lindeiro a petición do propio veciño, para leña. Conclúe que a figueira estaba en terreo municipal, non privado.

Don Juan María Abalo Castex expón que lles dixeron que esa franxa de terreo non foi cedida ao concello, e non é algo que se fixera o día 8 de xaneiro, foi anterior.

Dona Elisa Pestonit Barreiros contesta que na orde de traballo figura o día 8.

Don Juan María Abalo Castex engade que tampouco o propietario do terreo pediu que se botara a leña alí.

Dona Elisa Pestonit Barreiros manifesta que o que lle dixeron é que constituía un perigo, porque se estaba secando e había un problema. O que si é certo é que ao mellor hai que quitar o toco.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, expón que existe unha discusión entre público e privado. Nunca se cedeu, pero o certo é que dende que se está asfaltando unha zona, estanse aproveitando desa situación. A opinión do goberno é que aquilo que está fóra dos peches e público, sobre todo se non veu ninguén a reclamar.

Dona Elisa Pestonit Barreiros engade que en Catastro consta como municipal.

Rogo de EU-Son en Común formulado oralmente

Dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, formula o seguinte rogo de forma verbal:

O motivo son as estacas e sinais que se están a colocar na Praza de Europa, porque segundo lle trasladan, no caso de delimitar espazos, estes non coinciden co que estaban de acordo. A dúbida básica é se van ampliar as zonas de beirarrúas en detrimento da zona axardinada. Pregunta se iso ten que ver coas queixas dos veciños, pola invasión das terrazas sobre a zona de paso.

Rógalles que se poñan en contacto cos veciños.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, solicítalle que lle faga chegar os contactos.

Dona María Olga Santos López contesta que así o fará.

Don Juan González Leirós explica que o replanteo que se está a facer é o de toda a obra. O que é na vertical da esquina do concello, todo vai ser como praza, e córtase como xardín, pois considérase que lle dá ámbito á igrexa. Cando vén a xente con motivo dos enterros necesitan colocarse. É certo que se perde verde, pero vai dar calidade a todo. Hai outro paso que é o que vai dar á panadería Martipán, etc. O que van facer é o replanteo de todo e despois o discutirán cos veciños.

Conclúe dicindo que son conscientes do que se acordou.

Rogos de C's

1º Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

Nas comisións informativas do pasado mes de novembro preguntamos polo convenio que se ía realizar coa Sociedade Recreativa “*La Juventud de Cecebre*” e que dende o Concello de Cambre se informou a varios medios de comunicación e estes publicaron que se levaría a cabo.

Acompañamos textos de diversos artigos de prensa, a modo informativo (...).

No mes de novembro contestóusenos que antes de finais de decembro de 2019 terían unha proposta redactada, a cal a día de hoxe descoñecemos, polo tanto rogamos:

Se nos faga chegar a todos os grupos municipais o documento coa proposta redactada por este Goberno para a reparación das instalacións da Sociedade recreativa de “*La Juventud de Cecebre*”.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta que no recolle o rogo. Di que non se trataba dunha proposta, o que se dixo era que se ía ordenar e formalizar a documentación.

O 12 de decembro redactouse un informe de necesidade polo técnico municipal, e tense encargado a un técnico competente a valoración das obras. Iso tardará uns 15 días e despois pasará a informe do técnico municipal, e finalmente a informe xurídico e de Intervención.

Conclúe dicindo que unha vez dispoñan de toda a documentación, os grupos terán acceso á esa información.

2º Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

En relación coa pregunta número 1, rogamos novamente, e por segunda vez, xa que a vez anterior aceptáronnos o rogo dicíndonos que se contestaría aos solicitantes, e segundo soubemos, de momento non recibiron resposta ningunha:

Se conteste aos solicitantes, á maior brevidade posible, e se nos explique novamente por que se fixo caso omiso a estes escritos presentados.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que en principio non ten habido caso omiso, recolleuse o rogo e trasladouse á parte administrativa, que contactou coa propiedade o 15 de outubro de 2019, antes do pleno. Dá lectura ao informe emitido polo técnico.

Conclúe dicindo que se informará disto aos veciños. Explica que neste momento o técnico do departamento non está, pero que en canto se reincorpore informará á veciñanza das actuacións realizadas. Tamén lle pedirá que se poña en contacto coa concelleira de C's para confirmarlle que así se fixo.

Sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos, auséntase da sesión don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG.

3º Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

Cando en setembro de 2019 trasladamos ao pleno as deficiencias en iluminación e valado no polideportivo dos Campóns, advertimos tamén das goteiras que caían sobre a pista e o perigo que estes charcos que se forman supoñen para os xogadores. O pasado sábado día 18 a situación era ademais de insegura, perigosa. Demostraba que non se tomara ningunha medida ao respecto nestes catro meses, tendo empeorado notablemente, aumentando o número de puntos de entrada de auga e causando danos materiais a unha pista nova que tivo un custo importante para o Concello de Cambre.

Os xogadores colocaron camisetas e papel en numerosos puntos de toda a pista onde literalmente “chovía”.

Polo tanto rogamos:

Se reparen os puntos por onde se producen todas as goteiras.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, acepta o rogo. Explica que teñen varias opcións, e terán que valorar cal é a máis segura, a máis económica, etc. O ano pasado intentouse unha solución, pero non foi duradeira.

Preguntas do PP

1ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Tralos últimos temporais son varios os lugares do noso municipio que sufriron os estragos do mal tempo, entre cuxos efectos máis notables atópase a caída de árbores cos problemas de seguridade que iso supón.

Entre eles, destaca a caída dunha árbore situada nas inmediacións do parque infantil de Altamira, e a inestabilidade que es aprecia noutra das árbores situadas xunto á caída, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular, ante a preocupación demostrada polos veciños do lugar, se pregunte ao concelleiro competente sobre o estudo e valoración do estado no que se atopa actualmente a dita árbore, o perigo que pode supoñer o dito estado para os usuarios da súa contorna, así como as posibles intervencións proxectadas sobre o particular.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que despois dos temporais caeron moitas especies, polo que se lle pediu á empresa Orto unha valoración. O informe é claro, e aconsellan a tala, cousa que comezarán en breve a acometer.

2ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Veciños da urbanización A Barcala reiteran, unha vez máis, o estado no que se atopa o terreo situado xunto ao parque, a imprenta e a gardería infantil privada existente na urbanización, que xa foi obxecto de rogos e preguntas por este grupo municipal no mandato anterior.

Tal e como se advirte polas fotografías que se achegan, a maleza volve a desbordar a rede metálica que separa a dita propiedade privada, invadindo o espazo público que, entre outros, é transitado polos máis pequenos dos nosos veciños.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte á concelleira competente se está prevista algunha actuación ou intervención como a levada a cabo no mandato anterior para devolver a limpeza e salubridade ao dito espazo público.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que se levará a cabo. Di que xa foi alí o encargado de obras e nun principio o que fixeron é chamar ao propietario. Se non actúa farao o concello no seu lugar.

3ª Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Nas últimas comisións informativas interesouse por este grupo municipal que se adoptaran, á maior brevidade posible, as medidas oportunas para a retirada dun animal disecado localizado nun terreo ao aire libre, situado en torno aos números 2 e 4 da Pena da Nosa Señora, poñendo o feito en coñecemento do Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA), da Garda Civil.

Recollido o rogo pola concelleira competente, díxosenos que se dera traslado ao Seprona da Garda Civil, quen ía elaborar un informe, do que se nos daría traslado.

Transcorrido máis dun mes dende o dito compromiso sen que (s.e.u.o. por esta parte) tivéramos recibido o dito informe, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase sobre as xestións realizadas sobre o particular, así como sobre o traslado a este grupo municipal do prometido informe do Seprona da Garda Civil.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta que se puxo en contacto coa Garda Civil e lles achegou o escrito presentado polo PP, e eles pasáronllo ao Seprona. Nestes momentos están á espera dunha resposta, en canto a teñan farállela chegar.

Pregunta de EU-Son en Común

Única. Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Cales son e que funcionarios ou funcionarias asinan os informes técnicos e xurídicos que amparan a construción e apertura da biblioteca municipal nun chan urbano non consolidado sen ter garantías da execución simultánea da urbanización?

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta que os arquitectos municipais.

Dona María Olga Santos López reitera a súa pregunta.

Dona María Dolores Pan Lesta manifesta que se contestará por escrito.

Preguntas de C's

1ª Dona María José García Hidalgo, de C's, pregunta se podería formular unha pregunta oral, iso tendo en conta que a primeira pregunta, tal e como se transcribe a continuación, xa foi respondida a outro grupo, :

“Deu traslado o Concello de Cambre á Xunta de Galicia da actividade irregular de cría de ovelas, galiñas e coellos que se estivo levando a cabo no terreo sito na zona urbana e lindeira co colexio Wenceslao Fernández, que un veciño denunciou en reiteradas ocasións e que ao non recibir resposta en tres anos, Ciudadanos trouxo mediante un rogo a un pleno para que se atenderan as solicitudes dos escritos presentados?

Achega o texto do rogo aceptado en outubro de 2019, a modo informativo.”

O señor presidente acepta que formule unha nova pregunta.

Dona María José García Hidalgo pregunta sobre a noticia que saíu en prensa respecto das construcións na Coruña, onde se constrúen galpóns ao lado das vivendas. Pregunta se iso pasa en Cambre.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que non. Aquí do que se ten constancia é de que nos anos 70 e 80 se fixeron pequenas chabolas que agora son vivendas máis ou menos consolidadas. En canto ao tema da Coruña, el non ten coñecemento.

Dona María José García Hidalgo manifesta que ela sabe de dous casos.

Don Juan González Leirós dille que, entón, o que ten que facer é denuncialos, e agradece que quen teña coñecemento de algo así, o diga, para que o concello poida actuar.

2ª e 3ª Lee as preguntas dona María José García Hidalgo.

- Ten realizado o Concello de Cambre algunha obra de saneamento ou conexión da rede de sumidoiros nalgunha vivenda pola que tivera que obrar en solo doutro concello (Oleiros, concretamente), o cal tería saído beneficiado, tendo asumido todos os custos o Concello de Cambre?

En caso de terse realizado:

- Solicitouse permiso ou chegouse a algún tipo de acordo escrito co Concello de Oleiros para a realización das ditas obras no seu solo e nas súas conexións?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, manifesta que non lle pode contestar. Cre saber do que a concelleira está falando, pero se lle dá un enderezo sería máis fácil. Fixo unha pregunta xenérica e tenlle que dar máis datos concretos para saber onde foi exactamente. En todo caso di que non se conectou a ninguén para favorecelo.

Conclúe dicindo que, en todo caso, e respecto da rede de sumidoiros que pasa por San Bartolomé, que sexa do Concello de Oleiros ou do de Cambre, hai moito que discutir.

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES, XUVENTUDE E BENESTAR SOCIAL

Preguntas do PP

1ª Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

O pasado mes de decembro tivo lugar en Cambre unha gala en apoio do fútbol feminino no noso municipio, acto por cuxo custo se pregunta ao concelleiro de Deportes.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que tivo un custo de 6.000 euros.

2ª Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

Ante a necesidade de dar apoio dende o noso concello á práctica do fútbol feminino, como ao resto de disciplinas deportivas, dende o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro de Deportes sobre as medidas de apoio prestadas ata o momento a esta disciplina deportiva, así como as que se prevén realizar nun futuro próximo e o custo ou orzamento previsto para elas.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta que non hai un orzamento exclusivo. O apoio é recollido no convenio que se asina co concello. Ata catro equipos femininos existen no municipio, e a vontade do concello é axudar ao fútbol feminino, iso está claro.

Di que hai un mes ou mes e pico pedíronlle ao equipo de goberno que os convocaran aos actos que organizan dende o concello. Neste caso estiveron presentes as dúas concelleiras do PP, e os demais non contestaron. Dilles que non custa nada contestar, porque reserváronse 7 prazas que poderían ter sido ocupadas por outras persoas.

Dona María José García Hidalgo, de C's, pide desculpas. Pola súa parte a súa intención era asistir, pero non puido e quedoulle sen contestar.